

Trobadores de corte en corte: visualización dos centros culturais ibéricos tardomedievais¹

HELENA BERMÚDEZ SABEL

Universidade de Santiago de Compostela

helena.bermudez@usc.es

La dinámica de los intercambios políticos, de los conflictos sociales y de las relaciones de poder en la sociedad es inseparable de los productos culturales de la misma. La tradición lírica gallego-portuguesa es un fenómeno cultural especialmente interesante para analizar el impulso y fuerza de los centros culturales y cómo estos se van transformando durante el período medieval. Consideramos que este análisis puede ser abordado a través del estudio de las relaciones de patrocinio. Ofrecemos, pues, una propuesta de análisis espacial y social con el fin de plasmar el contexto sociocultural en que se gesta y desarrolla el fenómeno trovadoresco.

The dynamics of political negotiations, social conflicts, and relations of power in society are inseparable from the culture it produces. The complexity of the Galician-Portuguese lyric provides a particularly illuminating opportunity to examine how the relations of cultural centers change through the Late Middle Ages by studying the biographic profiles of the creators of texts and their relations of patronage. The following is a proposal to explore from an educational perspective the sociocultural context in which the cultural movement of the troubadours was born and developed.

Palabras clave: lírica gallego-portuguesa, análisis de redes, cartografía, relaciones de poder.

Keywords: medieval literature, network analysis, mapping, relations of power.

¹ Este traballo foi realizado no marco do Programa de Formación del Profesorado Universitario (AP2012-4518) do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, e grazas á financiación da Fundación Pedro Barrié de la Maza e o seu programa de Bolsas de Posgrao no Estranxeiro (convocatoria 2014).

1. O fenómeno cultural lírico

O fenómeno lírico galego-portugués xorde e florece nun contexto histórico moi determinado, marcado polas transformacións socioeconómicas que impulsan unha rexeneración do campo cultural². A bibliografía que contextualiza desde o punto de vista historiográfico o movemento artístico obxecto de estudo é moi extensa³, e non é a nosa intención aportar novos datos a este respecto: a nosa proposta límitase á elaboración de materiais que, dunha maneira didáctica, axuden na comprensión das dinámicas políticas que condicionan a devandita produción literaria.

Para este fin, situamos as cortes señoriais e rexias como axentes esenciais do campo cultural trobadoresco. Son espazos en que se concentran os elementos de poder⁴ que dan abeiro ao desenvolvemento literario, artístico e científico. Así, a través da análise das relacións que a crítica estableceu entre as cortes e os trobadores e xogares, podemos deseñar material visual que permita observar cales son os centros máis activos e verificar as mudanzas que van xurdindo durante o período en que se desenvolveu a “escola” literaria galego-portuguesa.

Para proceder con este estudo, levantamos a información biográfica dos trobadores e xogares contida na base de datos *MedDB* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que completamos coa base de datos *Cantigas Medievais Galego Portuguesas* e coa bibliografía específica que viu a luz nos últimos anos, entre a que cómpre destacar a publicada do Dr. Souto Cabo⁵.

Porén, debemos advertir de que o noso corpus está condicionado polas limitacións materiais: ás acefalias dos cancioneiros, debemos acrecentar a escaseza de fontes documentais, unha escaseza que se fai especialmente notábel canto máis baixa for a condición social dos poetas. Como ben sabemos, nin todas as referencias documentais que se encontran poden terse en conta, pois as frecuentes homonimias e mesmo a falsificación de documentos son factores que complican esta tarefa.

² A respecto do que se coñece como o Renacemento do Século XII, véxase, por exemplo, C. H. Haskins (2013).

³ Por citar algúns exemplos, destacamos os traballos monográficos de A. R. de Oliveira (1994, 1995, 2002), C. Alvar (1977) e Y. F. (1999).

⁴ Tanto aqueles relacionados co capital material como os que fan parte do capital simbólico. Véxase P. Bourdieu (2012), pp. 25-45. Véxanse tamén as definicións de “axente”, “campo” e “capital” en C. Chrauviré, O. Fontaine (2003), pp. 11-24.

⁵ *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB)*, H. Monteagudo (2008, 2013, 2014), A. R. de Oliveira (1994, 1995), J. A. Souto Cabo (2012), G. L. Videira *et. al.* (2011-), Y. F. Vieira *et. al.* (2015).

Tras o baleirado bibliográfico, fomos capaces de elaborar a ficha biográfica completa de 102 autores. Porén, consideramos que se trata dun corpus significativo, pois, dos 187 autores dos que se conservan textos, eliminamos os poetas cuxa identificación era máis dubidosa, así como os autores serodios introducidos na tradición manuscrita a través de interpolacións tardías efectuadas ao longo do século XV no modelo dos cancioneros italianos⁶. Pola súa contra, acrecentamos esa primeira xeración de autores dos que apenas temos referencias indirectas (*cfr. Tavola collociana*), a pesar de que non se conserven cantigas da súa autoría debido ás lacunas iniciais dos cancioneros⁷.

De maneira esquemática, recollemos todos os datos referidos á orixe xeográfica dos compositores e aos lazos familiares inmediatos que os vinculan con cortes nobres. Interpretamos as relacións de padroado nun sentido amplo, incluíndo como ligazóns de protección e favor aquelas en que a bibliografía consultada mencionaba que un trovador estaba “ao servizo de” alguén, aínda que este servizo non tivese que estar estritamente relacionado coa súa condición de poeta. Ademais, introducimos as ligazóns existentes entre os autores utilizando a súa propia produción literaria como fonte: elementos intertextuais que demostran a existencia destes contactos, dedicatorias, cantigas dialogadas, etc. Tamén incluimos información cronolóxica dividindo o noso corpus en períodos, seguindo o criterio presente na *MedDB*: un primeiro período que vai de *ca.* 1170 a 1220, un período posterior que iría de 1220 a 1240, unha terceira etapa de 1300 a 1350 e, finalmente, o período máis recente que incluimos abrangue desde o ano 1300 ao 1350.

2. Proposta cartográfica

Unha vez compilada a información, a materialización visual máis “evidente” implicaba a elaboración de mapas que permitisen rastrexar en que cortes se concentraba o maior número de autores.

A principal vantaxe deste deseño é que posibilita incluír os datos referidos á cronoloxía, alén de podermos analizar a procedencia xeográfica dos compositores. A principal desvantaxe, porén, vén dada polas dificultades con que nos deparamos á hora de localizar xeograficamente as cortes, especialmente as rexias.

⁶ A. R. de Oliveira (1994), pp. 38-39.

⁷ A. R. de Oliveira (1994) e J. A. Souto Cabo (2012).

O concepto de capital non é aplicábel aos reinos ibéricos medievais nos que, a diferenza doutros modelos de monarquía, a realeza puxo en práctica un modelo itinerante de corte⁸. Tendo en conta que traballamos na súa maioría con datas aproximadas, son poucos os autores dos que poderíamos deseñar a súa traxectoria vital coa suficiente precisión como para ser capaces de cruzar estes datos coas crónicas reais. Condicionada pola comodidade expositiva, decidimos escoller unha única localización xeográfica para cada corte, aínda sendo conscientes de que non obedece á realidade da época. A pesar de que este criterio cuestiona a veracidade do mapa, fai que sexa posíbel facer un exercicio de abstracción que nos permita deducir cal é o “patrocinador” máis relevante, é dicir, cal é a corte en que se concentran máis trovadores, pois sabemos que non haberá máis do que unha icona no mapa para representar ao mesmo individuo. Polo tanto, non importa o número de asentamentos diferentes en que Afonso X estableceu a súa corte, xa que no noso mapa só un deles será representado, mais recollerá toda a información relativa a este monarca.

Co gallo de ilustrar o tipo de información que esta clase de estudo materializa, incluímos dúas capturas, a Figura 1, na que se cartografaron os autores pertencentes ao primeiro e segundo períodos, e a Figura 2, centrada nos trovadores da terceira etapa. Para poder identificar con facilidade as casas señoriais fronte as cortes reais, utilizamos iconas diferentes: concretamente, unha torre para os padroados nobres e unha coroa para os reais. As estrelas sinalan o lugar de orixe de cada trovador; se esta tiver unha tonalidade máis clara, significa que o lugar de nacemento indicado é dubidoso.

Na versión *online* do mapa⁹ podemos escoller libremente a periodización que queremos consultar, circunstancia que permitiría, por exemplo, visualizar simultaneamente só o primeiro e o cuarto período co obxectivo de ver as diferenzas entre as primeiras e as últimas décadas da escola. Outra das vantaxes que permite o formato dixital é a de poder consultar todos os puntos do mapa e coñecer así a quen fai referencia cada un deles.

Pese ás limitacións das capturas, estas ofrecen igualmente a oportunidade de facer unha interpretación do mapa. Podemos constatar con rapidez a importancia das cortes señoriais, confirmando como nos inicios da escola poética as casas nobres galegas

⁸ Segundo avanza o período medieval, é posíbel percibir unha tendencia para un menor número de deslocamentos e unha duración máis limitada dos mesmos. Véxase A. I. Carrasco Manchado (2009).

⁹ Pódese acceder a ela desde a ligazón en www.usc.es/athene/map.html

ocupan, xunto ao poder real, unha posición de centralidade, sen obviar, evidentemente, a importancia das cortes rexias.




Figura 1. Mapa do primeiro e segundo períodos (ca. 1170-1240) que une a orixe do trovador coas cortes reais coas que se relaciona

Durante o período de esplendor do fenómeno trobadoresco representado na Figura 2 as cortes reais constitúen os principais focos da actividade poética. Malia que os trovadores seguen a ter unha procedencia maioritariamente galega e portuguesa, podemos identificar con facilidade a diversificación da procedencia dos axentes poéticos, pois ademais de documentar individuos casteláns, aparecen tamén trovadores doutras rexións europeas, dando lugar ao que poderíamos denominar como a “internacionalización” da escola trobadoresca.

A pesar dos inconvenientes que provoca a simplificación de fenómenos tan complexos, a nosa proposta cartográfica permite que un público non especializado constate dunha maneira accesíbel o papel de certas casas nobres galegas como “precursores” da tradición lírica galego-portuguesa, ademais de servir como material de apoio co que confirmar unha das vertentes da afirmación do poder rexio, que se consolida durante os séculos XII e XIII.

grafos ten unha longa traxectoria nas ciencias sociais e mais recentemente nos estudos literarios¹².

Utilizando os datos biográficos compilados para a elaboración do mapa, creamos diferentes gráficos de redes sociais. Non é o noso obxectivo debater aspectos teóricos da análise de redes, pois consideramos que unhas poucas indicacións deben ser suficientes para interpretar a información que queremos difundir. As gráficas de redes son, na súa esencia, diagramas deseñados para axudar ao público (especializado ou non) a visualizar relacións dunha maneira abstracta e simplificada, facilitando a lectura e comprensión das relacións existentes¹³.

Os trobadores e mecenas son transformados nos nós da rede, é dicir, nos puntos entre os que existe unha relación. O tipo de relación é determinada segundo a información biográfica das nosas fichas. Así, os vínculos que se establecen entre os distintos nós poden ser de mecenado, familiares ou literarios (por exemplo, entre os autores dunha *tençon* existe un vínculo literario). O número de vínculos de cada nó determina o seu grao e este adoita ser o aspecto que máis se resalta visualmente, pois, por regra xeral, é habitual que queiramos destacar cales son os nós mellor conectados.

A principal vantaxe deste método é que nos fai posible plasmar información variada dunha maneira lexíbel, mesmo incluíndo a materialización visual dos resultados de cálculos matemáticos avanzados. A complexidade de datos que poden ser incorporados permite que cun único gráfico se poida responder a cuestións diversas.

O obxectivo da utilización deste tipo de gráficos non é só o de ofrecer resposta ás preguntas máis “evidentes”, aínda que debe informar de quen é o trobador máis patrocinado e cal é a casa nobre ou rexia con máis artistas baixo o seu mecenado. Tamén debe procurar chamar a atención para outro tipo de dinámicas máis sutís. Comentaremos brevemente, por exemplo, como podemos identificar que relacións teñen unha maior centralidade, é dicir, de cales dependen as vinculacións entre dúas ou máis cortes, pois son a fonte que nos permite constatar os intercambios culturais entre eses centros¹⁴.

¹² Véxase F. Moretti (2013), pp. 211-240 e a súa utilización das redes para crear un *modelo* de abstracción válido para a análise literaria.

¹³ E. Beshero-Bondar (2015), s. pax.

¹⁴ Este concepto é o que se coñece na teoría de grafos como intermediación (*betweenness centrality* en inglés). Exactamente, mide a frecuencia ou o número de veces que un nó funciona como ponte ao longo do traxecto máis curto entre dous nós. Por exemplo, de querermos chegar desde o nó de Afonso IX ao de Afonso III, o traxecto máis curto sería a través do trobador Roi Gómez de Briteiros, sendo este o único trobador en común que relaciona ambas as cortes. Isto significa que o grao de intermediación destes dous vínculos do trobador é alto.

Unha das maneiras que temos de explorar os nosos datos é a de elaborar unha rede a partir dun único nó seleccionando as súas ligazóns inmediatas. Nas Figuras 4 e 5 podemos observar os resultados da extracción do núcleo da corte dos Trava (Figura 4) e de Afonso X (Figura 5).

A distribución dos nós non é casual e son moitos os algoritmos que están á nosa disposición para procurar a visualización que máis se adecúe aos nosos datos. Para as Figuras 3, 4 e 5 escollemos grafos baseados nas forzas (*forced-directed layout*) que concentra os nós mellor conectados e afastan os que teñen un grao de centralidade menor.

Os elementos máis destacábeis da Figura 4 atinxen ao grosor de certas conexións, especialmente a de Munio de Rodeiro e Maior Peres con Pero Garcia d' Ambroa e a de Rodrigo Gómez e Dona Maior coa familia Trava, por unha banda, e con Johan Baveca como trobador ao seu servizo.




Figura 4. Nó dos Trava e vínculos inmediatos

Nestes grafos (Figuras 4 e 5) os diferentes deseños dos vínculos responden ao tipo de relación existente entre os nós. As liñas discontinuas irregulares son ligazóns familiares, as continuas representan o patrocinio existente entre unha casa nobre ou rexía e un poeta e as liñas de puntos establecen vínculos literarios. Como podemos observar, estas últimas adoitan ser máis finas porque dan unha información

complementaria e os nós aos que afectan estarían dentro da rede igualmente por outro tipo de vinculacións. Tamén incluimos unha cuarta tipoloxía de relación, “outros vínculos sociopolíticos”, pouco habitual mais observábel na Figura 5 a través dunha liña descontinua regular en que se relaciona a Pai da Cana con Roi Fernandiz de Santiago, pois ambos os dous eran clérigos en Compostela.

Como nos informa *MedDB*, Johan Baveca foi un xograr de orixe galega ao servizo de D. Rodrigo Gómez de Trastámara. Debido a que a Figura 4 só inclúe os vínculos dos Trava, debemos ir ao gráfico completo para ver que este xograr mantivo relacións de tipo literario con Airas Perez Vuitoron, Gonçal’ Eanes do Vinhal, Pedr’ Amigo de Sevilha e Pero Garcia d’ Ambroa. Johan Baveca desenvolveu a súa actividade trobadoresca durante o segundo terzo do século XIII e tería participado nas campañas de Murcia (1242-1243) e Sevilla (1248) durante as que establecería as relacións mencionadas. É precisamente esta actividade dentro do séquito do infante Afonso (futuro Afonso X) a que xustifica a importancia do vínculo entre este trobador e o casal de D. Rodrigo e Dona Maior, pois é este xograr o único que liga a estes coa corte do rei castelán.

No caso de Pero Garcia d’ Ambroa¹⁶ a xustificación da importancia do seu vínculo é similar: é o nexos de unión entre o magnate galego D. Munio Fernandez de Rodeiro, figura central na fase inicial do movemento trobadoresco na Galiza, e a corte afonsí, información tamén extrapolábel polo grosor do seu trazo na Figura 5.

¹⁶ Cómpre advertir que Pero Garcia d’ Ambroa é un deses autores que divide a crítica no que respecta á súa identificación. A nosa ficha foi realizada seguindo os resultados de J. A. Souto Cabo (2006). Confróntese a súa hipótese coa de A. R. de Oliveira (1994), pp. 410-411, 415-416.



Figura 5. Nó de Afonso X e vínculos inmediatos

4. Observacións finais

Un dos labores máis importantes que se levan a cabo desde a investigación filolóxica que atinxe á Idade Media é a de ofrecer as ferramentas que permitan reducir a distancia espazo-temporal e mental entre os produtos culturais que conservamos dese período e a sociedade actual. Con este obxectivo, xorde a necesidade de ofrecer as coordenadas espaciais xunto coa contextualización histórica de cada un deses elementos culturais, o que non sempre é unha tarefa fácil.

Un dos principais obstáculos que hai que superar é encontrar ese equilibrio entre a rigorosidade científica e a divulgación, e consideramos que o material visual xoga neste sentido un papel moi importante.

A cartografía presenta a gran vantaxe de ser unha representación gráfica convencional coa que estamos moi familiarizados, o que facilita a súa lectura e comprensión. Os problemas de veracidade que presentamos en §2. poderían resolverse cunha división anual dos datos, evitando o emprego de marcos temporais máis extensos. Mesmo así, aínda que moitas das representacións que fariamos serían aproximativas, a “dúbida” tamén pode ser codificada e representada (véxanse as diferentes iconas que usamos nas Figuras 1 e 2 para representar a orixe dubidosa dalgúns trobadores).

Pola súa banda, a análise de redes ofrécenos numerosas posibilidades para a investigación. Alén de ser unha ferramenta auxiliar, unha proposta para materializar

visualmente un conxunto de datos, permítenos extraer información descoñecida deses datos, é dicir, crea coñecemento novo. Soporta diferentes niveis de complexidade, o que implica unha gran flexibilidade á hora de ilustrar a información, mais non todas as posibilidades contan co mesmo grao de lexibilidade. Talvez sexa este o principal inconveniente das redes, pois a súa lectura non sempre é inmediata e para conseguir a súa interpretación total é necesario ensinar a lelas.

Con todo, consideramos que o público non especializado que visite as versións *online* dos mapas e redes sociais que fomos referenciando ao longo deste traballo poderá verificar con facilidade información sociohistórica relevante para o estudo da lírica galego-portuguesa.

5. Obras citadas

C. Alvar, *La poesía trovadoresca en España y Portugal*, Cupsa, Madrid, 1977.

Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa (MedDB), versión 2.3.3, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades [Consulta: 07/05/2015]. <http://www.cirp.es>

E. Beshero-Bondar, “An Introduction to Network Analysis and Cytoscape for XML Coders”, *Digital Thalaba*, University of Pittsburgh, 2015 [Consulta: 08/10/2015]. <http://ebeshero.github.io/thalaba/cytosc.html>

N. L. Biggs, E. K. Lloyd, R. J. Wilson, *Graph Theory 1736-1936*, Clarendon Press, Oxford, 1976.

P. Bourdieu, *Intelectuales, política y poder*, Clave Intelectual, Eudeba, Madrid, 2012.

C. Chrauviré, O. Fontaine, *El vocabulario de Bourdieu*, Atuel, Buenos Aires, 2008.

A. I. Carrasco Manchado, “Desplazamientos e intentos de estabilización: la corte de los Trastámara”, *e-Spania*, 8, 2009 [Consulta: 10/10/2015]. <http://e-spania.revues.org/18876>; DOI: 10.4000/e-spania.18876.

L. Euler, “Solutio problematis ad geometriam situs pertinentis”, *Commentarii Academiae Scientiarum Imperialis Petropolitanae*, 8, 1736, pp. 128-140.

R. A. Hanneman, M. Riddle, *Introduction to social network methods*, University of California, Riverside, California, 2005 (versión electrónica publicada en <http://faculty.ucr.edu/~hanneman/>) [Consulta: 08/10/2015].

C. H. Haskins, *El renacimiento del siglo XII*, Ático de los Libros, Barcelona, 2013.

H. Monteagudo, *Letras primeiras. O foral do Burgo de Caldelas, os primordios da lírica trobadoresca e a emerxencia do galego escrito*, Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña, 2008.

_____ “A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso”, en *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro* (R. Álvarez, A. M. Martins, H. Monteagudo, M. A. Ramos, ed.), Instituto da Lingua Galega-USC, Santiago de Compostela, 2013, pp. 421-452.

_____ *A nobreza miñota e a lírica trobadoresca na Galicia da primeira metade do século XIII. A personalidade histórica do trobador Johan Soayrez Somesso. Os trobadores Afonso Soarez Sarraça e Estevan Fayan*, Toxosoutos, Noia, 2014.

F. Moretti, *Distant reading*, Verso, London, New York, 2005.

A. R. de Oliveira, *Despois do Espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Ed. Colibri, Lisboa, 1994.

_____ *Trobadores e xogares. Contexto histórico*, Xerais, Vigo, 1995.

_____ *O trovador galego-portugués e o seu mundo*, Ed. Notícias, Lisboa, 2001.

J. A. Souto Cabo, “Pero Garcia de Ambroa e Pero de Ambroa”, *Revista de Literatura Medieval*, XVIII, 2006, pp. 225-248.

_____ *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Editora da Universidade, Niterói, 2012.

G. L. Videira, M. P. Ferreira, et al., *Cantigas Medievais Galego Portuguesas [base de dados online]*, Instituto de Estudos Medievais, FCSH/NOVA, Lisboa, 2011- [Consulta: 08/05/2015]. <http://cantigas.fcsh.unl.pt>

Y. F. Vieira, *En cas dona Maior. Os trovadores e a corte senhorial galega no século XIII*, Laivento, Santiago de Compostela, 1999.

Y. F. Vieira, M. I. Morán Cabanas, J. A. Souto Cabo, *O caminho poético de Santiago. Lírica galego-portuguesa*, Cosac Naify, São Paulo, 2015.